BOLETÍN EPIDEMIOLÓXICO DE GALICIA

VOL. VII / 1993 / NUM. 8
SEMANAS 29-32 / 1993
(18 xullo 1993 / 14 agosto 1993)

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
SERVICIO GALEGO DE SAÚDE

# PROGRAMA GALEGO DE PREVENCIÓN E CONTROL DA HEPATITE B (III)

## SUBPROGRAMA DE VACINACIÓN UNIVERSAL DE RECÉN NACIDOS

### XUSTIFICACIÓN

Tal como se menciona na xustificación do Subprograma de prevención da transmisión perinatal, as infeccións adquiridas por esta vía supoñen ó recén nacido un risco do 90% de desenvolver infección crónica. As infeccións que se adquiren entre o primeiro ano de idade e os 5 anos conlevan un risco de evolución á cronicidade entre o 30% e o 60%.

Se considerámo-los nenos menores de 7 anos, o 25% dos infectados a esta idade converteranse en portadores. Moitos destes nenos que adquiren a infección durante a súa infancia vivirán o tempo suficiente para desenvolver unha cirrose hepática e/ou carcinoma hepatocelular primario na súa vida adulta.

Despois dos 7 anos, os nenos presentan un patrón de enfermidade similar ó dos adultos, cunha evolución á cronicidade do 6% ó 10%. É dicir, incluso se a duración da protección da vacina antihepatite B é limitada, os nenos inmunizados ó naceren estarían protexidos durante o período máis crítico da infección por VHB e poderían darse maiores reduccións na transmisión do VHB, nos casos de cirrose e de carcinoma hepatocelular primario.

Estas consideracións levaron ó CDC de Atlanta e a outros expertos a proporen a inmunización universal dos recén nacidos como a única estratexia que permitirá a longo prazo o control da infección do VHB. A reducción dos custos da vacina e o aumento da súa disponibilidade gracias á fabricación das novas vacinas mediante a tecnoloxía do DNA recombinante, posibilitará a posta en práctica desta estratexia, demostrada a favorable relación custo-eficacia da integración no calendario vacinal da vacinación fronte á hepatite B.

Esta integración foi recomendada polo Grupo Consultivo Técnico sobre Hepatite Vírica e o Grupo Consultivo Global do E.P.I. en 1987 e insistentemente reiterada en 1989. Así mesmo, a 45 Asemblea Mundial da Saúde, a OMS, recomenda a integración desta vacina nos Programas Nacionais de Inmunización, considerando a vacinación universal dos adolescentes como alternativa ou complemento desta estratexia.

### POBOACIÓN OBXECTIVO

A poboación obxectivo deste Subprograma está constituída por aqueles nenos da Comunidade Autónoma Galega recén nacidos de nais que resultaron negativas na preceptiva investigación do HBsAx.

### OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Deica o ano 1997, o 90% dos nenos recén nacidos de Galicia deberán comeza-la súa protección mediante a administración da primeira dose da vacina antihepatite B no propio Centro Sanitario onde se produza o nacemento.
2. Deica o ano 1997, o 85% dos nenos que iniciaron a inmunoprofilaxe activa da hepatite B coa primeira dose deberá completa-la pauta vacinal establecida de tres doses co fin de garanti-la súa protección ante a enfermidade.
3. Conseguir unha aceptabilidade crecente da vacina antihepatite B nos pais dos recén nacidos, mediante a transmisión eficaz de información sobre a protección que lle aportará ó seu fillo, os beneficios derivados desta acción protectora e a inocuidade de levala a cabo. No ano 1997 o 90% dos pais deberán coñecer e acepta-la vacinación.

## ACTIVIDADES

Cada centro sanitario deberá designa-lo Servicio responsable da vacinación dos recén nacidos. Administrando unha primeira dose da vacina nas primeiras 12 horas de vida do recén nacido.

Doses segundo nome comercial e laboratorio fabricante

| | |
|---|---|
| Recombivax HB (MSD)..... | 5 mcg en 0,5 ml. |
| Engerix B (SK F)............ | 10 mcg en 0,5 ml. |

Ámbalas dúas posúen similar inmunoxenicidade a estas doses. Administraranse por vía intramuscular na masa anterolateral da coxa, tanto en neonatos coma en lactantes e nenos.

A administración da vacina se rexistrará na «folla de rexistro do screening do HBsAx en xestantes e inmunización de neonatos» e na Cartilla de Saúde Infantil.

De cara a completa-la pauta vacinal (0-1-6), os puntos vacinais habituais existentes na Atención Primaria administrarán a 2ª e 3ª doses que quedarán debidamente rexistradas como no caso do Subprograma de Prevención da Transmisión Perinatal.

## AVALIACIÓN

Levarase a cabo unha avaliación anual utilizando os indicadores seguintes:

### *De cobertura*

1. Porcentaxe de neonatos que reciben a primeira dose de vacina no centro sanitario onde nacen, sobre o total de recén nacidos.

2. Porcentaxe de neonatos que completan a pauta de vacinación (tres doses) despois de ter recibido a primeira dose.

### *De xestión*

1. Porcentaxe de utilización en neonatos das doses pediátricas administradas nos hospitais ou maternidades: número de primeiras doses administradas en neonatos en relación co número total de doses pediátricas administradas nos hospitais ou maternidades.

2. Número total de segundas e terceiras doses pediátricas administradas segundo calendario en Atención Primaria en relación ó total de doses pediátricas administradas en Atención Primaria.

# SUBPROGRAMA DE VACINACIÓN DE HEPATITE B DOS PREADOLESCENTES

## XUSTIFICACIÓN

A disponibilidade das modernas vacinas elaboradas por recombinación xenética unida ó publicado por numerosos estudios que veñen a amosar que a maioría das infeccións por hepatite B ocorren na adolescencia e a idade adulta temperá (entre os 15 e 24 anos) suxeriu a necesidade de que este Programa contemple un Subprograma de vacinación en preadolescentes.

A decisión de vacina-los adolescentes levounos a elexi-lo grupo de 12 anos polas seguintes razóns:

1. Á idade de 12 anos o preadolescente aínda non dispón de plena autonomía, polo que a decisión da súa vacinación corresponde en gran medida ós seus pais.

2. A esta idade a captación vese facilitada por esta-la poboación diana concentrada nos colexios, por tratarse dunha idade englobada no ensino obrigatorio.

3. Ós 12 anos a prevalencia da infección é aínda baixa, sen embargo está moi cercana á idade de 15 anos, na que se estima que a partir dela se vai produci-lo maior número de infeccións novas.

4. Ó non existiren no calendario vacinal do neno a esta idade outras vacinas, eliminámo-la posibilidade de que reaccións adversas doutras vacinas poidan ser atribuídas á da hepatite B, co que se pode mellora-la aceptación da mesma, o que vai garanti- la vacinación completa coas tres doses nun maior número de nenos.

5. A partir da adolescencia a probabilidade de embarazo é unha realidade sobre todo en adolescentes de poboacións marxinais que, á súa vez, teñen taxas máis elevadas de infección por hepatite B, coa conseguinte posibilidade da transmisión perinatal do recén nacido.

No ano 2005, os recén nacidos de hoxe terán 12 anos e será entón o momento no que finalizará este subprograma e, a través dos estudios de seroprevalencia, saberemos se podemos abandona-la vacinación a esta idade ou se será necesario manter doses de recordo. Con todo, nestes 12 anos teremos protexido o grupo de poboación menor de 24 anos, que é o que na actualidade xera o maior número de novas infeccións.

## POBOACIÓN OBXECTIVO

A poboación á que vai dirixido este Subprograma de vacinación está definida pola totalidade de preadolescentes de 12 anos que viven na comunidade autónoma de Galicia, cun tamaño aproximado de 40.000 persoas.

## OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Conseguir unha aceptabilidade crecente do Subprograma de vacinación en preadolescentes a través dunha información rigurosa e asequible ós pais.

# ENFERMIDADES DE DECLARACIÓN OBRIGATORIA. SITUA
## SEMANAS 29 - 32,

| Z.S.A.I. E ÁREAS | | | RESPIRATORIAS | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | INFECC. RESP. AGUDAS | | | | GRIPE | | | | PNEUMONÍA | | | | TUBERCULOSE RESPIRATORIA | | | | INFECCIÓN MENINGOCÓCICA | | | | OUTRA MENINXI | |
| | Poboación | Cob. % | Casos | I.E. | Acum. casos | I.E. Ac. | Casos | I.E. | Acum. casos | I.E. Ac. | Casos | I.E. | Acum. casos | I.E. Ac. | Casos | I.E. | Acum. casos | I.E. Ac. | Casos | I.E. | Acum. casos | I.E. Ac. | Casos | I.E. |
| Fene | 42686 | 34 | 146 | 0,94 | 3564 | 1,31 | 12 | 0,57 | 575 | 0,46 | 1 | 0,33 | 31 | 0,70 | 0 | 0,00 | 7 | 1,17 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| O Ferrol | 82366 | 8 | 40 | 0,28 | 1232 | 0,66 | 3 | 0,30 | 293 | 0,71 | 2 | 2,00 | 43 | 7,17 | 0 | 0,00 | 14 | 2,80 | 0 | 0,00 | 5 | 2,50 | 0 | 0,00 |
| Narón | 65418 | 29 | 217 | 0,79 | 3843 | 0,87 | 14 | 0,88 | 860 | 0,45 | 3 | 0,43 | 141 | 1,78 | 0 | 0,00 | 1 | 0,25 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Ortigueira | 27171 | 48 | 208 | 1,48 | 3542 | 1,81 | 85 | 3,70 | 1060 | 1,63 | 2 | 0,67 | 62 | 2,07 | 0 | 0,00 | 3 | 1,50 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| O FERROL | 217641 | 23 | 611 | 0,97 | 12181 | 0,90 | 114 | 1,10 | 2788 | 0,66 | 8 | 0,53 | 277 | 1,95 | 0 | 0,00 | 25 | 1,56 | 0 | 0,00 | 5 | 1,67 | 0 | 0,00 |
| Betanzos | 48116 | 48 | 384 | 1,19 | 4947 | 0,79 | 25 | 1,14 | 1100 | 0,47 | 3 | 0,43 | 86 | 0,80 | 2 | 2,00 | 5 | 0,56 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Culleredo-Burgo | 71673 | 23 | 364 | 1,54 | 6307 | 1,56 | 31 | 1,07 | 1131 | 0,82 | 18 | 1,64 | 283 | 2,21 | 0 | 0,00 | 4 | 0,40 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| A Coruña | 263742 | 50 | 1722 | 1,67 | 31307 | 1,54 | 288 | 1,97 | 9084 | 1,42 | 21 | 1,24 | 509 | 1,91 | 50 | 6,25 | 217 | 3,14 | 0 | 0,00 | 5 | 0,71 | 0 | 0,00 |
| Carballo | 88644 | 23 | 210 | 0,94 | 3824 | 0,84 | 15 | 0,33 | 1267 | 0,56 | 2 | 0,67 | 70 | 0,95 | 0 | 0,00 | 6 | 0,40 | 0 | 0,00 | 1 | 1,00 | 0 | 0,00 |
| Cee | 26429 | 40 | 372 | 1,53 | 4098 | 1,21 | 41 | 0,53 | 1379 | 0,70 | 1 | 0,14 | 70 | 0,52 | 0 | 0,00 | 3 | 0,50 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| A CORUÑA | 498604 | 41 | 3052 | 1,45 | 50483 | 1,28 | 400 | 1,22 | 13961 | 0,80 | 45 | 0,92 | 1018 | 1,58 | 52 | 4,00 | 235 | 1,87 | 0 | 0,00 | 7 | 0,88 | 0 | 0,00 |
| Boiro | 30399 | 28 | 183 | 4,58 | 1788 | 1,45 | 65 | 3,25 | 944 | 1,20 | 2 | 0,00 | 33 | 0,97 | 0 | 0,00 | 2 | 2,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| A Estrada | 28413 | 31 | 148 | 1,32 | 4140 | 1,68 | 3 | 0,09 | 775 | 0,70 | 0 | 0,00 | 49 | 1,96 | 1 | 0,00 | 5 | 5,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Lalín | 50620 | 59 | 232 | 1,12 | 3048 | 0,65 | 30 | 0,42 | 1931 | 0,94 | 17 | 2,83 | 173 | 1,35 | 0 | 0,00 | 4 | 0,33 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Melide | 22748 | 38 | 93 | 1,60 | 2136 | 1,41 | 21 | 0,00 | 149 | 0,64 | 0 | 0,00 | 10 | 1,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Noia | 57509 | 36 | 351 | 1,14 | 7359 | 1,27 | 22 | 2,00 | 733 | 0,46 | 11 | 5,50 | 130 | 1,55 | 0 | 0,00 | 3 | 0,75 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Ordes | 28352 | 19 | 65 | 0,27 | 1778 | 0,47 | 22 | 0,29 | 918 | 0,30 | 4 | 0,67 | 71 | 0,58 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Padrón | 28219 | 23 | 45 | 0,39 | 1733 | 0,84 | 17 | 0,49 | 849 | 0,58 | 1 | 0,10 | 53 | 0,46 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Ribeira | 35620 | 14 | 154 | 3,50 | 1977 | 6,03 | 2 | 0,06 | 564 | 0,65 | 3 | 1,50 | 78 | 2,69 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Santa Comba | 25071 | 19 | 30 | 0,38 | 657 | 0,52 | 2 | 1,00 | 417 | 0,90 | 0 | 0,00 | 32 | 1,07 | 0 | 0,00 | 1 | 1,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Santiago | 157073 | 24 | 238 | 0,63 | 7818 | 0,82 | 44 | 0,92 | 1983 | 0,40 | 21 | 3,50 | 202 | 0,85 | 0 | 0,00 | 8 | 0,80 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| SANTIAGO | 464024 | 29 | 1539 | 0,82 | 32434 | 0,96 | 228 | 0,92 | 9263 | 0,52 | 59 | 1,07 | 831 | 0,96 | 1 | 0,33 | 23 | 0,46 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Marín | 36506 | 41 | 462 | 2,19 | 8384 | 2,15 | 6 | 0,29 | 1138 | 1,03 | 4 | 2,00 | 104 | 4,95 | 0 | 0,00 | 2 | 0,50 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Pontevedra | 149851 | 47 | 1017 | 0,96 | 23290 | 1,27 | 71 | 0,52 | 6092 | 0,66 | 26 | 1,86 | 454 | 1,99 | 6 | 2,00 | 51 | 0,80 | 0 | 0,00 | 3 | 1,00 | 0 | 0,00 |
| Sanxenxo | 31024 | 63 | 329 | 1,41 | 4886 | 2,61 | 26 | 1,44 | 1276 | 1,23 | 5 | 1,25 | 130 | 3,61 | 0 | 0,00 | 10 | 3,33 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| PONTEVEDRA | 217381 | 48 | 1808 | 1,22 | 36560 | 1,52 | 103 | 0,58 | 8506 | 0,75 | 35 | 1,84 | 688 | 2,47 | 6 | 1,50 | 63 | 0,83 | 0 | 0,00 | 3 | 0,75 | 0 | 0,00 |
| Cangas | 40185 | 36 | 344 | 1,52 | 8706 | 3,09 | 53 | 1,61 | 2385 | 2,13 | 4 | 4,00 | 153 | 4,50 | 1 | 0,00 | 12 | 1,71 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Ponteareas | 58849 | 54 | 688 | 2,29 | 11947 | 2,47 | 35 | 3,89 | 2082 | 1,03 | 7 | 0,88 | 178 | 2,28 | 0 | 0,00 | 7 | 0,70 | 0 | 0,00 | 2 | 1,00 | 0 | 0,00 |
| Porriño | 34225 | 60 | 283 | 4,72 | 6352 | 4,63 | 8 | 2,67 | 1016 | 0,93 | 3 | 1,50 | 86 | 2,87 | 0 | 0,00 | 2 | 0,50 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 |
| Redondela | 33912 | 36 | 418 | 2,35 | 5149 | 2,53 | 6 | 0,32 | 582 | 1,00 | 4 | 1,33 | 76 | 3,30 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Tui | 44193 | 33 | 264 | 1,36 | 6429 | 1,77 | 20 | 2,50 | 2115 | 0,96 | 18 | 3,00 | 216 | 2,96 | 0 | 0,00 | 2 | 0,29 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Valmiñor | 34673 | 36 | 257 | 1,93 | 6444 | 1,96 | 47 | 3,13 | 1266 | 1,46 | 1 | 0,17 | 47 | 1,12 | 0 | 0,00 | 2 | 0,50 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Vigo | 274574 | 41 | 1770 | 0,87 | 42009 | 1,42 | 250 | 0,88 | 12495 | 0,87 | 42 | 1,75 | 942 | 6,16 | 31 | 1,72 | 229 | 2,27 | 0 | 0,00 | 14 | 0,64 | 2 | 2,00 |
| VIGO | 520611 | 41 | 4024 | 1,10 | 87036 | 1,71 | 419 | 1,08 | 21941 | 0,97 | 79 | 1,49 | 1698 | 4,61 | 32 | 1,33 | 254 | 1,72 | 0 | 0,00 | 18 | 0,72 | 3 | 1,50 |
| Carballiño | 34803 | 63 | 350 | 0,78 | 7518 | 1,10 | 55 | 0,62 | 1584 | 0,60 | 5 | 1,00 | 110 | 2,08 | 1 | 0,00 | 1 | 0,25 | 0 | 0,00 | 1 | 1,00 | 0 | 0,00 |
| Celanova | 32585 | 59 | 314 | 1,34 | 4527 | 1,28 | 39 | 0,91 | 1279 | 0,76 | 11 | 1,38 | 90 | 1,03 | 0 | 0,00 | 4 | 1,33 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Ourense | 156441 | 33 | 691 | 0,76 | 19245 | 1,77 | 105 | 1,22 | 4570 | 1,29 | 29 | 1,12 | 617 | 1,28 | 14 | 4,67 | 93 | 1,90 | 1 | 0,00 | 3 | 0,43 | 2 | 0,00 |
| Ribadavia | 24799 | 66 | 282 | 0,91 | 5641 | 1,47 | 17 | 0,35 | 1597 | 0,82 | 8 | 0,80 | 112 | 0,93 | 0 | 0,00 | 1 | 0,33 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Verín | 33071 | 68 | 478 | 1,61 | 7386 | 1,96 | 39 | 1,22 | 1808 | 1,52 | 14 | 4,67 | 151 | 3,02 | 0 | 0,00 | 4 | 0,80 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Xinzo de Limia | 29028 | 63 | 212 | 1,40 | 3961 | 1,60 | 25 | 1,19 | 1092 | 0,78 | 2 | 0,67 | 82 | 1,61 | 0 | 0,00 | 3 | 1,50 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| OURENSE | 310727 | 47 | 2327 | 0,99 | 48278 | 1,54 | 280 | 0,78 | 11930 | 0,94 | 69 | 1,13 | 1162 | 1,22 | 15 | 3,00 | 106 | 1,71 | 1 | 0,00 | 5 | 0,56 | 2 | 0,00 |
| Monforte de Lemos | 62360 | 21 | 253 | 0,75 | 7170 | 1,09 | 51 | 0,93 | 1088 | 0,44 | 7 | 0,54 | 174 | 0,63 | 0 | 0,00 | 4 | 0,50 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| MONFORTE | 62360 | 21 | 253 | 0,75 | 7170 | 1,09 | 51 | 0,93 | 1088 | 0,44 | 7 | 0,54 | 174 | 0,63 | 0 | 0,00 | 4 | 0,50 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Becerreá | 16975 | 38 | 186 | 1,36 | 1579 | 0,53 | 68 | 2,19 | 849 | 0,53 | 11 | 3,67 | 72 | 0,91 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Lugo | 168986 | 31 | 809 | 1,11 | 18843 | 1,19 | 21 | 0,27 | 2440 | 0,53 | 29 | 1,45 | 550 | 1,34 | 4 | 4,00 | 67 | 2,23 | 0 | 0,00 | 1 | 0,20 | 0 | 0,00 |
| Sarria | 27790 | 36 | 299 | 1,50 | 4092 | 1,11 | 46 | 1,77 | 1072 | 0,81 | 5 | 1,25 | 129 | 1,42 | 0 | 0,00 | 4 | 1,33 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Vilalba | 31114 | 38 | 207 | 1,57 | 3058 | 1,22 | 28 | 1,22 | 1439 | 1,67 | 5 | 1,67 | 86 | 0,66 | 0 | 0,00 | 3 | 3,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| LUGO | 244865 | 33 | 1501 | 1,18 | 27572 | 1,08 | 163 | 0,92 | 5800 | 0,70 | 50 | 1,16 | 837 | 1,20 | 4 | 2,00 | 74 | 1,61 | 0 | 0,00 | 1 | 0,14 | 0 | 0,00 |
| Viveiro | 19607 | 63 | 212 | 1,67 | 2567 | 1,21 | 2 | 1,00 | 489 | 0,91 | 8 | 2,00 | 105 | 3,18 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Cervo-Burela | 31465 | 30 | 244 | 1,73 | 3547 | 1,01 | 7 | 0,64 | 578 | 0,73 | 8 | 2,00 | 113 | 0,75 | 2 | 2,00 | 20 | 1,54 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Ribadeo | 23449 | 58 | 177 | 0,99 | 3139 | 1,00 | 8 | 0,89 | 392 | 0,38 | 3 | 0,75 | 71 | 1,01 | 0 | 0,00 | 1 | 0,33 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| CERVO | 74521 | 46 | 633 | 1,36 | 9253 | 1,04 | 17 | 0,68 | 1459 | 0,45 | 19 | 1,12 | 289 | 0,80 | 2 | 2,00 | 21 | 1,24 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| O Barco | 40150 | 54 | 611 | 0,74 | 12302 | 0,99 | 33 | 0,22 | 2032 | 0,52 | 14 | 1,17 | 202 | 1,00 | 0 | 0,00 | 3 | 0,60 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| O BARCO | 40150 | 54 | 611 | 0,74 | 12302 | 0,99 | 33 | 0,22 | 2032 | 0,52 | 14 | 1,17 | 202 | 1,00 | 0 | 0,00 | 3 | 0,60 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Vilagarcía de Arousa | 67432 | 27 | 232 | 0,44 | 8587 | 0,79 | 9 | 0,26 | 2586 | 0,81 | 7 | 0,78 | 267 | 2,78 | 0 | 0,00 | 1 | 0,13 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| O SALNÉS | 67432 | 27 | 232 | 0,44 | 8587 | 0,79 | 9 | 0,26 | 2586 | 0,81 | 7 | 0,78 | 267 | 2,78 | 0 | 0,00 | 1 | 0,13 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| **GALICIA** | **2718316** | **37** | **16591** | **1,11** | **331856** | **1,30** | **1817** | **0,92** | **81354** | **0,76** | **392** | **0,97** | **7443** | **1,63** | **112** | **1,53** | **809** | **1,34** | **1** | **0,25** | **39** | **0,57** | **5** | **1,00** |

* Os resultados deste cadro son provisionais.

## ENFERMIDADES DE DECLARACIÓN OBRIGATORIA. SITUACIÓN POR ZONAS SANITARIAS DE ATENCIÓN INTEGRADA SEMANAS 29 - 32, do 18/7/93 ó 14/8/93

| | INMUNOPREVIBLES | | | | | | | | | | | | TRANSMISIÓN SEXUAL | | | | | | | | ZOONOSES | | | | OUTRAS | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Z.S.A.I. E ÁREAS | RUBEOLA | | | | PAROTIDITE | | | | TOSEFERINA | | | | SÍFILIS | | | | URETRITE GONOCÓCICA | | | | BRUCELOSE | | | | HEPATITE VÍRICA B | | | |
| | Casos | I.E. | Acum. casos | I.E. ac. | Casos | I.E. | Acum. casos | I.E. ac. | Casos | I.E. | Acum. casos | I.E. ac. | Casos | I.E. | Acum. casos | I.E. ac. | Casos | I.E. | Acum. casos | I.E. ac. | Casos | I.E. | Acum. casos | I.E. ac. | Casos | I.E. | Acum. casos | I.E. ac. |
| Fene | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 2 | 0,00 | 3 | 0,21 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 |
| O Ferrol | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 1,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 6 | 0,00 |
| Narón | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 4 | 1,33 | 17 | 0,85 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 |
| Ortigueira | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 4 | 0,57 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| O FERROL | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,13 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 6 | 0,86 | 24 | 0,43 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 8 | 0,00 |
| Betanzos | 0 | 0,00 | 3 | 0,16 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 5 | 2,50 | 26 | 0,65 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Culleredo-Burgo | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,06 | 0 | 0,00 | 1 | 0,50 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,50 | 21 | 0,91 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| A Coruña | 0 | 0,00 | 5 | 0,19 | 0 | 0,00 | 3 | 0,14 | 0 | 0,00 | 1 | 0,03 | 0 | 0,00 | 3 | 0,75 | 5 | 1,67 | 92 | 2,56 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 1,00 | 12 | 4,00 |
| Carballo | 0 | 0,00 | 2 | 2,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,50 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,20 | 11 | 0,34 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 2 | 0,00 |
| Cee | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 | 1 | 1,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,50 | 7 | 0,70 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| A CORUÑA | 0 | 0,00 | 10 | 0,08 | 1 | 1,00 | 6 | 0,08 | 0 | 0,00 | 2 | 0,05 | 0 | 0,00 | 3 | 0,43 | 13 | 0,76 | 157 | 1,03 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 1,00 | 14 | 2,80 |
| Boiro | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| A Estrada | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 2 | 0,50 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 5 | 1,25 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 |
| Lalín | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,50 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,25 | 12 | 0,44 | 1 | 0,00 | 1 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Melide | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 2 | 0,33 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Noia | 0 | 0,00 | 1 | 0,50 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 13 | 0,72 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 2 | 0,00 | 4 | 2,00 |
| Ordes | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 17 | 0,25 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Padrón | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 1,00 | 2 | 0,25 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 4 | 0,15 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 |
| Ribeira | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,25 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Santa Comba | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Santiago | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 4 | 0,67 | 36 | 0,54 | 0 | 0,00 | 1 | 1,00 | 0 | 0,00 | 2 | 0,00 |
| SANTIAGO | 0 | 0,00 | 1 | 0,03 | 1 | 0,33 | 5 | 0,03 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 5 | 0,19 | 90 | 0,38 | 1 | 0,00 | 2 | 2,00 | 2 | 0,00 | 8 | 2,00 |
| Marín | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 | 23 | 2,88 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 2 | 2,00 |
| Pontevedra | 0 | 0,00 | 4 | 0,17 | 1 | 0,07 | 6 | 0,06 | 0 | 0,00 | 1 | 1,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 4 | 1,00 | 31 | 0,89 | 1 | 0,00 | 6 | 0,00 | 0 | 0,00 | 2 | 0,00 |
| Sanxenxo | 0 | 0,00 | 1 | 1,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 3 | 1,00 | 29 | 2,90 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 |
| PONTEVEDRA | 0 | 0,00 | 5 | 0,17 | 1 | 0,07 | 6 | 0,05 | 0 | 0,00 | 1 | 1,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 8 | 1,14 | 83 | 1,28 | 1 | 0,00 | 6 | 0,00 | 0 | 0,00 | 5 | 5,00 |
| Cangas | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 2 | 0,25 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 | 2 | 0,00 | 8 | 1,14 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 3 | 0,00 |
| Ponteareas | 0 | 0,00 | 38 | 2,71 | 0 | 0,00 | 3 | 0,30 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 | 1 | 0,50 | 20 | 1,18 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 |
| Porriño | 0 | 0,00 | 1 | 0,25 | 0 | 0,00 | 1 | 0,06 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 1,00 | 2 | 0,00 | 10 | 2,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 |
| Redondela | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 | 17 | 1,31 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Tui | 0 | 0,00 | 2 | 2,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 5 | 0,71 | 39 | 1,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Valmiñor | 0 | 0,00 | 1 | 0,11 | 0 | 0,00 | 1 | 0,11 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 2 | 0,00 | 0 | 0,00 | 2 | 0,40 | 0 | 0,00 | 2 | 0,00 | 0 | 0,00 | 2 | 0,00 |
| Vigo | 0 | 0,00 | 3 | 0,11 | 1 | 0,17 | 8 | 0,15 | 0 | 0,00 | 12 | 3,00 | 0 | 0,00 | 6 | 0,55 | 5 | 0,63 | 48 | 0,67 | 0 | 0,00 | 2 | 2,00 | 1 | 1,00 | 38 | 5,43 |
| VIGO | 0 | 0,00 | 45 | 0,54 | 1 | 0,06 | 15 | 0,05 | 0 | 0,00 | 13 | 1,30 | 0 | 0,00 | 11 | 0,79 | 16 | 0,76 | 144 | 0,88 | 0 | 0,00 | 5 | 5,00 | 1 | 0,50 | 45 | 6,43 |
| Carballiño | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 | 1 | 0,17 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 9 | 0,41 | 0 | 0,00 | 1 | 0,50 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Celanova | 0 | 0,00 | 1 | 1,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 6 | 0,67 | 29 | 0,50 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Ourense | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,04 | 0 | 0,00 | 2 | 2,00 | 0 | 0,00 | 5 | 1,25 | 3 | 0,33 | 44 | 0,54 | 1 | 1,00 | 3 | 0,33 | 0 | 0,00 | 1 | 0,33 |
| Ribadavia | 0 | 0,00 | 1 | 0,20 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 1,00 | 11 | 0,42 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Verín | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,50 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,50 | 1 | 0,33 | 10 | 0,29 | 0 | 0,00 | 3 | 0,23 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Xinzo de Limia | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 6 | 1,00 | 23 | 0,29 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| OURENSE | 0 | 0,00 | 2 | 0,07 | 1 | 0,25 | 3 | 0,05 | 0 | 0,00 | 3 | 1,00 | 0 | 0,00 | 6 | 0,75 | 17 | 0,59 | 126 | 0,39 | 1 | 0,20 | 7 | 0,19 | 0 | 0,00 | 1 | 0,20 |
| Monforte de Lemos | 0 | 0,00 | 1 | 0,13 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,09 | 14 | 0,23 | 0 | 0,00 | 2 | 0,67 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 |
| MONFORTE | 0 | 0,00 | 1 | 0,13 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,09 | 14 | 0,23 | 0 | 0,00 | 2 | 0,67 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 |
| Becerreá | 0 | 0,00 | 2 | 1,00 | 0 | 0,00 | 2 | 1,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 4 | 0,44 | 0 | 0,00 | 3 | 1,50 | 0 | 0,00 | 2 | 0,00 |
| Lugo | 0 | 0,00 | 1 | 0,08 | 1 | 0,00 | 7 | 0,54 | 1 | 0,00 | 2 | 0,00 | 2 | 0,00 | 2 | 0,33 | 6 | 0,86 | 41 | 0,54 | 2 | 2,00 | 15 | 1,36 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Sarria | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 17 | 0,94 | 0 | 0,00 | 4 | 1,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Vilalba | 0 | 0,00 | 3 | 1,50 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 5 | 0,63 | 0 | 0,00 | 1 | 0,33 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| LUGO | 0 | 0,00 | 6 | 0,38 | 1 | 1,00 | 9 | 0,29 | 1 | 0,00 | 2 | 1,00 | 2 | 0,00 | 2 | 0,29 | 6 | 0,46 | 67 | 0,63 | 2 | 1,00 | 23 | 1,28 | 0 | 0,00 | 2 | 1,00 |
| Viveiro | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 1,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| Cervo-Burela | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 13 | 0,72 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 |
| Ribadeo | 0 | 0,00 | 2 | 0,40 | 0 | 0,00 | 1 | 0,50 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 | 5 | 1,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| CERVO | 0 | 0,00 | 2 | 0,33 | 0 | 0,00 | 2 | 0,40 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,25 | 18 | 0,47 | 0 | 0,00 | 1 | 0,50 | 0 | 0,00 | 1 | 1,00 |
| O Barco | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,14 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,08 | 31 | 0,31 | 1 | 1,00 | 11 | 0,85 | 0 | 0,00 | 5 | 0,00 |
| O BARCO | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,14 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,08 | 31 | 0,31 | 1 | 1,00 | 11 | 0,85 | 0 | 0,00 | 5 | 0,00 |
| Vilagarcía de Arousa | 0 | 0,00 | 2 | 0,13 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 2 | 0,67 | 30 | 0,83 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 |
| O SALNÉS | 0 | 0,00 | 2 | 0,13 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 2 | 0,67 | 30 | 0,83 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 0,00 |
| **GALICIA** | **0** | **0,00** | **74** | **0,23** | **6** | **0,11** | **48** | **0,04** | **1** | **0,09** | **21** | **0,25** | **2** | **0,25** | **22** | **0,47** | **76** | **0,48** | **784** | **0,57** | **6** | **0,60** | **57** | **0,58** | **4** | **0,50** | **91** | **3,03** |

* Os resultados deste cadro son provisionais.

2. Lograr que no ano 1997 a cobertura de vacinación coa primeira dose alcance ó 75% da poboación obxectivo.

3. Lograr que no ano 1997 a cobertura de vacinación coas tres doses alcance ó 65% da poboación obxectivo.

## ACTIVIDADES

Se principiará coa captación da cohorte de 12 anos durante o curso escolar, a través dunha campaña informativa coordinada entre o Servicio de Programas de Saúde, o Servicio de Educación para a Saúde (ámbolos dous da Dirección Xeral de Saúde Pública) e o Gabinete de Prensa da Consellería de Sanidade.

O material elaborado (carteis, cartas, trípticos, pegatinas, etc.) irá dirixido a:

—Pais dos alumnos de 12 anos.

—Preadolescentes.

—Director e claustro de profesores dos colexios de EXB.

Sendo o paso seguinte, e fundamental do Subprograma, a administración da vacina antihepatite B ós preadolescentes de 12 anos, ás doses apropiadas para a súa idade.

A vacinación nesta cohorte decidiuse que fora só coa vacina Recombivax H-B (MSD), pois utilízase ás mesmas doses que na edade pediátrica o que facilita enormemente a xestión das vacinas nos puntos habituais de vacinación; mentras que no caso da vacina antihepatite B do laboratorio SK F (Engerix B) non está autorizado en España a utilización da vacina pediátrica para a cohorte dos 12 anos, e se necesitaría o uso de doses diferentes para ámbalas dúas cohortes, dificultando a súa xestión en atención primaria.

A pauta vacinal será a mesma que nos recén nacidos, pero a inxección será intramuscular no músculo deltoides.

DOSES RECOMENDADAS DE VACINAS ANTIHEPATITE B AUTORIZADAS ACTUALMENTE EN ESPAÑA

| Grupo | Recombivax HB Doses ($\mu$g) | (ml) | Engerix B Doses ($\mu$g) | (ml) |
|---|---|---|---|---|
| Bebés de nais HBsAx(—) e nenos <11 anos | 5 | 0,5 | 10 | 0,5 |
| Bebés de nais HBsAx(+); prevención da infección perinatal | 5 | 0,5 | 10 | 0,5 |
| Nenos e adolescentes de 11-19 anos | 5 | 0,5 | 20 | 1 |
| Adultos ≥20 anos | 10 | 1 | 20 | 1 |
| Pacientes en diálise e outras persoas inmunocomprometidas | 40 | 1 | 40 | 2 |

De maneira xeral, os preadolescentes acudirán a vacinarse ós seus puntos de vacinación habitual ou ó seu pediatra. Sendo moi recomendable efectua-la vacinación no propio colexio, sempre que a capacidade operativa da Atención Primaria o permita; xa que estamos a actuar nun grupo de idade no que a captación presenta maiores dificultades.

No caso en que se programe a vacinación nos colexios, deberase previamente coordina-la actividade cos técnicos de saúde da sectorial da área sanitaria para sincroniza-los labores de captación e vacinación. Neste caso á carta que se envía ós pais adxuntaráselle un impreso de autorización asinada para proceder á vacinación do neno. Así mesmo, solicitarase que os nenos que teñan Cartilla de Saúde Infantil acudan con ela o día da vacinación para rexistra-la súa administración; mentras que naqueles casos nos que non se aporte a Cartilla, o rexistro farase no Carné de Vacinación do Adulto.

## AVALIACIÓN

Realizarase unha avaliación anual, utilizando os seguintes indicadores: Indicadores de Cobertura Vacinal

1. Porcentaxe de preadolescentes de 12 anos que reciben a primeira dose de vacina con respecto ó total da poboación de preadolescentes de 12 anos.

2. Porcentaxe de preadolescentes de 12 anos que reciben unha vacinación correcta con tres doses axustadas ó protocolo de vacinación, con respecto ó total da poboación de preadolescentes de 12 anos. Indicadores de Xestión/Emprego das vacinas subministradas

1. Porcentaxe de doses pediátricas solicitadas por cada punto de vacinación respecto ó número total de preadolescentes de 12 anos vacinados correctamente.

2. Porcentaxe de utilización das doses: Número de doses rexistradas respecto ó número de doses subministradas.

Imprime: Galicia Editorial, S.A. Gaesa - Depósito Legal: C. 688-1986

**SUBSCRICIÓNS Dirixi-la solicitude ó Servicio de Epidemioloxía. Subdirección de Saúde Pública. Consellería de Sanidade. San Lázaro, s/n. 15771 Santiago de Compostela.**